

Programación didáctica

**Departamento de
Biología e xeoloxía**

**I.E.S. República Oriental do Uruguai
Curso 2021-2022**

PROFESORES:

**Pablo Blanco Lobato
Rubén Borrajo Santos
Cristina Romero Lage
Irene Otero López**

Índice

1	Introdución e contexto.....	4
2	Departamento de Bioloxía e xeoloxía.....	5
2.1-	Composición do departamento.....	5
2.2-	Grupos impartidos.....	6
2.3-	Materiais e recursos didácticos.....	6
3	Programación ESO.....	7
3.1-	Competencias clave.....	7
3.2-	Obxectivos da ESO.....	12
3.3-	1º da ESO Bioloxía e xeoloxía.....	14
3.3.1-	Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e temporalización.....	14
3.3.2-	Grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe.....	23
3.3.3-	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación.....	28
3.4-	3º da ESO Bioloxía e xeoloxía.....	31
3.4.1-	Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e temporalización.....	31
3.4.2-	Grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe.....	41
3.4.3-	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación.....	50
3.5-	4º da ESO Bioloxía e xeoloxía.....	51
3.5.1-	Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e temporalización.....	51
3.5.2-	Grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe.....	61
3.5.3-	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación.....	66
3.6-	4º da ESO Cultura científica.....	67
3.6.1-	Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e temporalización.....	67
3.6.2-	Grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe.....	72
3.6.3-	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación.....	78
4	Plan de seguimento e procedementos para a avaliación e criterios de cualificación de materias pendentes.....	80
5	Avaliación inicial na ESO.....	81

6 Metodoloxía didáctica, materiais e recursos didácticos.....	81
7 Contidos transversais.....	85
8 Actividades extraescolares e horta escolar.....	85
9 Atención á diversidade.....	86
10 Programación Bacharelato.....	92
10.1- Obxectivos do Bacharelato.....	92
10.2 - 1º de Bacharelato Bioloxía e xeoloxía.....	93
10.2.1- Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e temporalización.....	93
10.2.2- Grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe.....	119
10.2.3- Criterios de cualificación instrumentos de avaliación.....	130
10.3- 1º Bacharelato Anatomía aplicada.....	131
10.3.1- Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e temporalización.....	131
10.3.2- Grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe.....	146
10.3.3- Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación.....	154
10.4- 1º Bacharelato Cultura científica.....	155
10.4.1- Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e temporalización.....	155
10.4.2- Grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe.....	166
10.4.3- Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación.....	171
10.5- 2º Bacharelato Bioloxía e xeoloxía.....	172
10.5.1- Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e temporalización.....	172
10.5.2- Grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe.....	189
10.5.3- Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación.....	196
10.6- 2º Bacharelato Xeoloxía.....	196
10.6.1- Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e temporalización.....	196
10.6.2- Grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe.....	220
10.6.3- Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación.....	230
11 Plan de seguimento e procedementos para a avaliación e criterios de cualificación de materias pendentas no bacharelato.....	231

12 Avaliación inicial no bacharelato.....	232
13 STEM.....	232
14 Contribución ás TICs.....	233
15 Contribución ao plan de convivencia.....	234
16 Plan lector.....	234
17 Dinamización da lingua galega.....	235
18 Metodoloxía didáctica no bacharelato.....	236
19 Contidos transversais.....	237
20 Materiais e recursos didácticos.....	237
21 Actividades extraescolares.....	238
22 Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	238
23 Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	239
24 Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.....	240
25 Metodoloxía de traballo no ensino non presencial.....	240
26 Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial.....	246
27 Propostas de mellora do departamento.....	246

1 Introducción e contexto

A programación toma como referencia o decreto que establece o currículo para a educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 133/2007, do 13 de xullo).

A ensinanza obrigatoria debe brindar ao alumno unha formación básica común e, ao mesmo tempo, a posibilidade de acceder a futuros estudos ou actividades profesionais, os cales requiren un certo grao de competencia académica e de madurez persoal. Por iso, esta programación trata de ter en conta os niveis mínimos de promoción e os niveis que permiten un acceso con garantías á

etapa seguinte. As materias científicas deben contribuír ao desenvolvemento cultural e persoal do alumnado, a desenvolver hábitos de traballo e estudo e formar aos alumnos e alumnas para a toma de decisións e a incorporación á sociedade como persoas maduras.

Non é nada doado para o profesorado atender ao mesmo tempo a alumnos con capacidades ou expectativas que non van máis alá dos obxectivos mínimos e alumnos que aspiran a proseguir estudos superiores. Programar en diferentes niveis significa adaptar o currículo ás necesidades do alumnado dentro dun desenvolvemento común da materia. O profesorado debe deseñar para cada unidade didáctica obxectivos e contidos para cada nivel. Os alumnos que cumpran os obxectivos dun nivel poden pasar a acadar os seguintes.

A programación debe tender máis que a concretar o currículo, planificando o proceso de aprendizaxe.

2 Departamento de Bioloxía e xeoloxía

2.1- Composición do departamento

Durante o presente curso 2021/22 o Departamento de bioloxía e xeoloxía estará formado polos seguintes profesores/as:

		Horas de clase
Pablo Blanco Lobato	Secretario de dirección	11
Rubén Borrajo Santos	Xefe de Departamento	17
Cristina Romero Lage	Titora 1º ESO	20
Irene López Otero	Titora 3º ESO	20

2.2- Grupos impartidos

Este Departamento impartirá clase nos seguintes cursos e grupos:

Profesor	Curso	Materia	Nº Grupos	Nº horas
Pablo Blanco Lobato	2º Bacharelato	Biología	1	4
	4º ESO	Biología e xeoloxía	2	6
	Bacharelato	STEM	1	1
Total horas de clase:				11
Rubén Borrajo Santos	2º Bacharelato	Xeoloxía	1	4
	1º Bacharelato	Anatomía aplicada	2	8
	1º Bacharelato	Cultura científica	2	4
	Bacharelato	STEM	1	1
Total horas de clase:				17
Cristina Romero Lage	1º ESO	Biología e xeoloxía	3	12
	4º ESO	Ciencias aplicadas	1	3
	4º ESO	Cultura científica	1	3
	1º ESO	Titoría	1	1
	Bacharelato	STEM	1	1
Total horas de clase:				20
Irene López Otero	1º Bacharelato	Biología e xeoloxía	2	8
	3º ESO	Biología e xeoloxía	2	6
	1º ESO	Biología e xeoloxía	1	4
	3º ESO	Titoría	1	1
	Bacharelato	STEM	1	1
Total horas de clase:				20

2.3- Materiais e recursos didácticos

ESO	1º	Bioloxía e xeoloxía	EDIXGAL
	3º	Bioloxía e xeoloxía	Sen libro de texto
	4º	Cultura científica	Sen libro de texto
		Bioloxía e xeoloxía	Sen libro de texto
		Ciencias aplicadas	Sen libro de texto
Bacharelato	1º	Bioloxía e xeoloxía	Sen libro de texto
		Anatomía aplicada	Sen libro de texto
		Cultura científica	Sen libro de texto
	2º	Bioloxía	Sen libro de texto
		Xeoloxía	Sen libro de texto

O departamento dispón de materiais que serán utilizados ao longo do curso:

- Presentacións en formato PwP e PDF.
- Mapas, vídeos, diapositivas, DVDs.
- Libros de lectura.
- Artigos de xornais e revistas científicas.
- Ordenadores portátiles.
- E todo do que dispón un laboratorio de ciencias dun centro educativo (material de vidro, modelos anatómicos, coleccións de minerais, rochas e fósiles, lupas e microscopios, preparacións microscópicas etc.).

3 Programación ESO

3.1- Competencias clave

O DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece as seguintes Competencias clave:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato será a establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Comunicación lingüística (CCL).

A comunicación, nos ámbitos da comprensión e expresión, tanto oral como escrita, constitúe un eixe fundamental no proceso de ensino e aprendizaxe do coñecemento científico.

Nesta área trátase de desenvolver a capacidade de comprensión cando se fan lecturas de textos científicos e o alumnado aprende a diferenciarlos doutros que non son científicos, cando se contrastan materiais escritos e audiovisuais de diferentes fontes, tanto descritivos como argumentais, nun proceso que pasa pola identificación dos conceptos e ideas principais, a interpretación do papel que desempeñan segundo o contexto e as relacións que se establecen entre eles.

Na resolución de problemas débese estimular a lectura comprensiva a través do contexto da situación, da identificación dos conceptos que aparecen e das relacións que se establecen entre os ditos conceptos e os datos.

No ensino da área a expresión oral e escrita busca a coherencia e precisión no uso da linguaxe, tanto no nivel descritivo como no interpretativo. Trabállase a expresión cando se emiten hipóteses, contrástanse ideas, acláranse significados sobre conceptos ou procesos científicos en contextos diferentes, realízanse sínteses, elabóranse mapas conceptuais, extráense conclusións, realízanse informes ou organízanse debates onde se fomenten actitudes que favorezan a mellora na expresión oral e escrita, a confianza para expresarse en público, o saber escoitar, o contrastar opinións e ter en conta as ideas dos demais.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Contribúe esta área ao desenvolvemento da competencia matemática, dado que o coñecemento científico se cuantifica grazas á linguaxe matemática. O emprego de números, símbolos, operacións e relacións entre eles forman parte da metodoloxía científica e constitúen unha base importante para a comprensión de leis e principios.

Na realización de investigacións sinxelas, traballos prácticos ou resolucións de problemas desenvólvense capacidades para identificar e manexar variables, para organizar e representar datos obtidos de maneira experimental, para a interpretación gráfica das relacións entre eles, para realizar operacións con números e símbolos, para atopar as solucións correctas, para cuantificar as leis e principios científicos e para utilizar estratexias básicas na resolución. Nas ciencias da natureza emprégase o razoamento matemático como apoio cara a unha mellor comprensión das relacións entre conceptos.

O alumnado aprende os conceptos básicos que lle permitan a análise, desde diferentes eidos do coñecemento científico, da materia, dos seres vivos, dos fenómenos naturais, das súas transformacións, dos seus efectos sobre o ambiente e a saúde, dos cambios e dos obxectos tecnolóxicos, traballando a competencia en ciencia e tecnoloxía.

Competencia dixital (CD).

Traballarán diversas linguaxes propias das tecnoloxías da información e comunicación, como os buscadores pola internet, documentos dixitais, foros, xornais dixitais, revistas divulgativas na rede, presentacións electrónicas e simulacións interactivas. Traballarán a crítica reflexiva sobre as informacións de tipo científico que achegan as tecnoloxías da información e a comunicación, fomentaranse actitudes favorables ao emprego delas evitando o seu emprego indiscriminado.

Tamén se fomentará a competencia dixital cando se apoie a aprendizaxe de modelos teóricos por medio de simulacións, cando se traballen representacións de datos por medio de programas informáticos, cando se realicen experiencias virtuais para contrastalas coas reais, cando se representen estruturas moleculares, atómicas, anatómicas, xeolóxicas, situacións problemáticas coa axuda dos ordenadores.

Aprender a aprender (CAA).

O desenvolvemento da competencia de aprender a aprender desde os ámbitos científico e tecnolóxico, nun mundo en continuo e acelerado cambio, implica espertar motivacións cara á aprendizaxe permanente. Cando afloran as ideas previas do alumnado sobre os contidos científicos, favorécese esta competencia xa que se está a promover que as alumnas e os alumnos sexan conscientes dos seus propios coñecementos e limitacións.

Pódese empregar a historia da ciencia para que os estudantes non caian no desánimo de estar case sempre errados nas súas concepcións, cando ata os máis grandes científicos experimentaron erros e resistencias ás novas ideas.

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Esta área trata de dotar o alumnado das habilidades necesarias para comprender a problemática actual en relación coa súa persoa, co resto da sociedade e co planeta.

A aproximación do currículo á situación concreta na cal se vive facilita a participación activa do alumnado en actividades que impliquen esa cidadanía responsable.

As ciencias da natureza contribúen a coñecer e aceptar o funcionamento do corpo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e ser críticos cos hábitos sociais pouco saudables e a contribuír á conservación e mellora do ambiente.

Os debates históricos sobre as diferentes concepcións dos fenómenos que afectan as persoas serven para traballar habilidades sociais relacionadas coa participación, a cooperación e a empatía, aceptar diferenzas, respectar os valores, crenzas e incluso a diversidade de culturas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

A creatividade e o método científico esixen autonomía e iniciativa. Dende a formulación dunha hipótese ata a obtención de conclusións, faise necesario a elección de recursos, a planificación da metodoloxía, a resolución de problemas, a xestión de recursos e a revisión permanente dos resultados. Isto fomenta a iniciativa persoal e a motivación por un traballo organizado e con iniciativas propias.

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Na expresión das ideas, conceptos e principios das ciencias da natureza empréganse, de xeito creativo, diferentes códigos artísticos para representar fenómenos ou situacións dun xeito comprensible.

Desde a área de ciencias contribúese a desenvolver esta competencia ó promover a presentación das ideas ou traballos en formatos diversos, onde se lles deixa ás alumnas e aos alumnos a liberdade de elixir os ditos formatos estéticos e artísticos, cando se utilizan os museos de ciencias para espallar os xeitos de pensar ou facer doutras culturas, ou nas exposicións relacionadas co ámbito científico, como medio de coñecer, comprender e gozar do coñecemento científico.

3.2- Obxectivos da ESO

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuindo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de

riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.3- 1º da ESO Bioloxía e xeoloxía

3.3.1- Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e temporalización.

Bioloxía e xeoloxía. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. O vocabulario científico na expresión oral e escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.1.1. Identificar os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT 	Todo o curso
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Metodoloxía científica: características básicas. ▪ B1.3. Experimentación en bioloxía e xeoloxía: obtención, selección e interpretación de información de carácter científico a partir da selección e a recollida de mostras do medio natural ou doutras fontes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico, e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes. ▪ BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes. ▪ BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Planificación e realización do 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Realizar un traballo experimental 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC 	

Bioloxía e xeoloxía. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
▪ g	traballo experimental, e interpretación dos seus resultados. ▪ B1.5. Normas de seguridade no laboratorio, e coidado dos instrumentos e do material.	coa axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados.	de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado. ▪ BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.	▪ CSIEE ▪ CMCCT ▪ CAA	
Bloque 2. A Terra no universo					
▪ f	▪ B2.1. Principais modelos sobre a orixe do Universo.	▪ B2.1. Recoñecer as ideas principais sobre a orixe do Universo, e a formación e a evolución das galaxias.	▪ BXB2.1.1. Identifica as ideas principais sobre a orixe do universo.	▪ CMCCT	
▪ f ▪ l	▪ B2.2. Compoñentes do Universo. ▪ B2.3. Características do Sistema Solar e dos seus compoñentes. ▪ B2.4. Concepcións sobre o Sistema Solar ao longo da historia.	▪ B2.2. Expor a organización do Universo e do Sistema Solar, así como algunhas das concepcións que sobre este sistema planetario se tiveron ao longo da historia.	▪ BXB2.2.1. Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais.	▪ CMCCT	1º Trimestre
▪ f	▪ B2.5. Os planetas no Sistema Solar.	▪ B2.3. Relacionar comparativamente a posición dun planeta no sistema solar coas súas características.	▪ BXB2.3.1. Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.	▪ CMCCT	
▪ f	▪ B2.6. O planeta	▪ B2.4. Localizar a	▪ BXB2.4.1. Identifica a	▪ CMCCT	

Bioloxía e xeoloxía. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
	Terra: características.	posición da Terra no Sistema Solar.	posición da Terra no Sistema Solar.		
▪ f	▪ B2.7. Os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e as súas consecuencias.	▪ B2.5. Establecer os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e relacionalos coa existencia do día e a noite, as estacións, as mareas e as eclipses.	▪ BXB2.5.1. Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida.	▪ CMCCT	
			▪ BXB2.5.2. Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.	▪ CMCCT	
▪ f	▪ B2.8. A xeosfera: estrutura e composición da codia, o manto e o núcleo.	▪ B2.6. Identificar os materiais terrestres segundo a súa abundancia e a distribución nas grandes capas da Terra.	▪ BXB2.6.1. Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade.	▪ CMCCT	
			▪ BXB2.6.2. Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación.	▪ CMCCT	
▪ f ▪ g ▪ n ▪ ñ	▪ B2.9. Minerais e rochas: propiedades, características e utilidades. ▪ B2.10. Xestión sustentable dos recursos minerais. Recursos minerais	▪ B2.7. Recoñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas, distinguir as súas aplicacións máis frecuentes e salientarl as súa importancia	▪ BXB2.7.1. Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciais.	▪ CMCCT ▪ CAA	
			▪ BXB2.7.2. Describe algunhas das aplicacións máis	▪ CCEC	

Bioloxía e xeoloxía. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
	en Galicia.	económica e a xestión sustentable.	frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá.		
			<ul style="list-style-type: none"> BXB2.7.3. Recoñece a importancia do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC 	
<ul style="list-style-type: none"> f 	<ul style="list-style-type: none"> B2.11. A atmosfera: composición e estrutura. O aire e os seus compoñentes. Efecto invernadoiro. Importancia da atmosfera para os seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Analizar as características e a composición da atmosfera, e as propiedades do aire. 	<ul style="list-style-type: none"> BXB2.8.1. Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	
			<ul style="list-style-type: none"> BXB2.8.2. Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	
			<ul style="list-style-type: none"> BXB2.8.3. Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT 	
<ul style="list-style-type: none"> b e f g m 	<ul style="list-style-type: none"> B2.12. Contaminación atmosférica: repercusións e posibles solucións. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Investigar e recoller información sobre os problemas de contaminación ambiental actuais e as súas repercusións, e desenvolver actitudes que contribúan á súa solución. 	<ul style="list-style-type: none"> BXB2.9.1. Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CSIEE 	
<ul style="list-style-type: none"> f m 	<ul style="list-style-type: none"> B2.12. Contaminación atmosférica: repercusións e posibles solucións. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.10. Recoñecer a importancia do papel protector da atmosfera para os seres vivos e considerar as repercusións da actividade humana 	<ul style="list-style-type: none"> BXB2.10.1. Relaciona situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC 	

Biología e xeoloxía. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
		nela.			
▪ f	▪ B2.13. A hidrosfera. Propiedades da auga. Importancia da auga para os seres vivos.	▪ B2.11. Describir as propiedades da auga e a súa importancia para a existencia da vida.	▪ BXB2.11.1. Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.	▪ CMCCT	
▪ f ▪ m	▪ B2.14. A auga na Terra. Auga doce e salgada. ▪ B2.15. Ciclo da auga. ▪ B2.16. A auga como recurso.	▪ B2.12. Interpretar a distribución da auga na Terra, así como o ciclo da auga e o uso que fai dela o ser humano.	▪ BXB2.12.1. Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.	▪ CMCCT	
▪ a ▪ f ▪ g ▪ m	▪ B2.17. Xestión sustentable da auga.	▪ B2.13. Valorar e identificar a necesidade dunha xestión sustentable da auga e de actuacións persoais e colectivas que potencien a redución do consumo e a súa reutilización.	▪ BXB2.13.1. Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión.	▪ CSC ▪ CSIEE	
▪ f ▪ m	▪ B2.18. Contaminación das augas doces e salgadas.	▪ B2.14. Xustificar e argumentar a importancia de preservar e non contaminar as augas doces e salgadas.	▪ BXB2.14.1. Recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades humanas	▪ CSC	
▪ f	▪ B2.19. A biosfera. Características que fixeron da Terra un planeta habitable.	▪ B2.15. Seleccionar as características que fan da Terra un planeta especial para o desenvolvemento da vida.	▪ BXB2.15.1. Describe as características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra.	▪ CMCCT	
Bloque 3. A biodiversidade no planeta Terra					
▪ f ▪ l ▪ m	▪ B3.1. Concepto de biodiversidade. Importancia da biodiversidade. ▪ B3.2. Sistemas de clasificación dos seres vivos.	▪ B3.1. Recoñecer a importancia da biodiversidade e as características morfolóxicas principais dos grupos taxonómicos.	▪ BXB3.1.1. Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os	▪ CCEC ▪ CMCCT	2º Trimestre

Bioloxía e xeoloxía. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
	<p>Concepto de especie. Nomenclatura binomial.</p> <p>▪ B3.3. Reinos dos seres vivos: Moneras, Protoctistas, Fungi, Metafitas e Metazoos.</p>		animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.		
▪ f	<p>▪ B3.1. Concepto de biodiversidade. Importancia da biodiversidade.</p> <p>▪ B3.2. Sistemas de clasificación dos seres vivos. Concepto de especie. Nomenclatura binomial.</p> <p>▪ B3.3. Reinos dos seres vivos. Moneras, Protoctistas, Fungi, Metafitas e Metazoos.</p>	<p>▪ B3.2. Categorizar os criterios que serven para clasificar os seres vivos e identificar os principais modelos taxonómicos aos que pertencen os animais e as plantas máis comúns.</p>	<p>▪ BXB3.2.1. Identifica e recoñece exemplares característicos de cada un destes grupos, e salienta a súa importancia biolóxica.</p>	<p>▪ CMCCT</p>	
▪ f ▪ m	<p>▪ B3.1. Concepto de biodiversidade. Importancia da biodiversidade.</p> <p>▪ B3.2. Sistemas de clasificación dos seres vivos. Concepto de especie. Nomenclatura binomial.</p> <p>▪ B3.3. Reinos dos seres vivos. Moneras, Protoctistas, Fungi, Metafitas e Metazoos.</p>	<p>▪ B3.3. Describir as características xerais dos grandes grupos taxonómicos e explicar a súa importancia no conxunto dos seres vivos.</p>	<p>▪ BXB3.3.1. Discrimina as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico.</p>	<p>▪ CMCCT</p>	
▪ f	<p>▪ B3.4. Invertebrados: poríferos, celentéreos, anélidos, moluscos,</p>	<p>▪ B3.4. Caracterizar os principais grupos de invertebrados e vertebrados.</p>	<p>▪ BXB3.4.1. Asocia invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen.</p>	<p>▪ CMCCT</p>	

Bioloxía e xeoloxía. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
	<p>equinodermos e artrópodos. Características anatómicas e fisiolóxicas.</p> <p>▪ B3.5. Vertebrados: peixes, anfibios, réptiles, aves e mamíferos. Características anatómicas e fisiolóxicas.</p>		<p>▪ BXB3.4.2. Recoñece exemplares de vertebrados e asígnaos á clase á que pertencen.</p>	<p>▪ CMCCT</p>	
<p>▪ f</p> <p>▪ m</p>	<p>▪ B3.6. Plantas: brións, feitos, ximnospermas e anxiospermas. Características principais, nutrición, relación e reprodución.</p>	<p>▪ B3.5. Coñecer e definir as funcións vitais das plantas e a súa importancia para a vida, e caracterizar os principais grupos de plantas.</p>	<p>▪ BXB3.5.1. Detalla o proceso da nutrición autótrofa e relación coa súa importancia para o conxunto de todos os seres vivos.</p> <p>▪ BXB3.5.2. Describe as características xerais e singulares dos principais grupos de plantas.</p>	<p>▪ CMCCT</p> <p>▪ CMCCT</p>	
<p>▪ b</p> <p>▪ e</p> <p>▪ g</p>	<p>▪ B3.7. Clasificación de animais e plantas a partir de claves dicotómicas e outros medios.</p>	<p>▪ B3.6. Utilizar claves dicotómicas ou outros medios para a identificación e a clasificación de animais e plantas.</p>	<p>▪ BXB3.6.1. Clasifica e identifica animais e plantas a partir de claves de identificación.</p>	<p>▪ CAA</p>	
<p>▪ g</p> <p>▪ l</p> <p>▪ ñ</p>	<p>▪ B3.8. Identificación de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas, especies en extinción e especies endémicas. Adaptacións dos animais e as plantas ao medio. Biodiversidade en Galicia.</p>	<p>▪ B3.7. Determinar a partir da observación as adaptacións que permiten aos animais e ás plantas sobrevivir en determinados ecosistemas, con especial atención aos ecosistemas galegos.</p>	<p>▪ BXB3.7.1. Identifica exemplares de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas ou de interese especial por seren especies en perigo de extinción ou endémicas.</p> <p>▪ BXB3.7.2. Relaciona coa súa adaptación ao medio a presenza de determinadas estruturas nos animais e nas plantas máis comúns.</p> <p>▪ BXB3.7.3. Identifica exemplares de</p>	<p>▪ CMCCT</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CMCCT</p> <p>▪ CCEC</p>	

Bioloxía e xeoloxía. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
			plantas e animais propios dos ecosistemas galegos.		
Bloque 4. Os ecosistemas					
▪ f	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Ecosistema: identificación dos seus compoñentes. ▪ B4.2. Factores abióticos e bióticos nos ecosistemas. ▪ B4.3. Ecosistemas acuáticos. ▪ B4.4. Ecosistemas terrestres. 	▪ B4.1. Diferenciar os compoñentes dun ecosistema.	▪ BXB4.1.1. Identifica os compoñentes dun ecosistema.	▪ CMCCT	3º Trimestre
▪ f ▪ g ▪ m	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Factores desencadeantes de desequilibrios nos ecosistemas. ▪ B4.6. Estratexias para restablecer o equilibrio nos ecosistemas. 	▪ B4.2. Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios e establecer estratexias para restablecer o seu equilibrio.	▪ BXB4.2.1. Recoñece e enumera os factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema.	▪ CMCCT	
▪ a ▪ g ▪ m	▪ B4.7. Accións que favorecen a conservación ambiental.	▪ B4.3. Recoñecer e difundir accións que favorezan a conservación ambiental.	▪ BXB4.3.1. Selecciona accións que preveñen a destrución ambiental.	▪ CSC ▪ CSIEE	
Bloque 5. Proxecto de investigación					
▪ b ▪ c	▪ B5.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou da observación.	▪ B5.1. Planear, aplicar e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico.	▪ BXB5.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.	▪ CAA ▪ CMCCT	
▪ b ▪ f ▪ g	▪ B5.1. Método científico. Elaboración de hipóteses, e a súa comprobación e argumentación a partir da experimentación ou da observación.	▪ B5.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación, e a argumentación.	▪ BXB5.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	▪ CAA ▪ CCL	

Bioloxía e xeoloxía. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
	da observación.				
▪ e	▪ B5.2. Artigo científico. Fontes de divulgación científica.	▪ B5.3. Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre elas e sobre os métodos empregados para a súa obtención.	▪ BXB5.3.1. Utiliza diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	▪ CMCCT ▪ CD	
▪ a ▪ b ▪ c	▪ B5.3. Proxecto de investigación en equipo: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.	▪ B5.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo.	▪ BXB5.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	▪ CSC ▪ CSIEE	
▪ a ▪ b ▪ d ▪ h ▪ o	▪ B5.3. Proxecto de investigación en equipo: organización. Participación e colaboración respectuosa no traballo individual e en equipo. Presentación de conclusións.	▪ B5.5. Expor e defender en público o proxecto de investigación realizado.	▪ BXB5.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula. ▪ BXB5.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CCL ▪ CCEC	

Temporalización por unidades didácticas:

1ª Avaliación	Unidade didáctica 2 – O universo e o Sistema Solar Unidade didáctica 3 – A atmosfera terrestre Unidade didáctica 4 – A hidrosfera terrestre
----------------------	---

2ª Avaliación	Unidade didáctica 5 – A xeosfera Unidade didáctica 6 – Os seres vivos Unidade didáctica 7 – Os vertebrados
3ª Avaliación	Unidade didáctica 8 – Os invertebrados Unidade didáctica 9 – As plantas Unidade didáctica 10 – Os organismos e o medio
Todas as avaliacións:	Unidade didáctica 1 – A metodoloxía científica e o uso do laboratorio

3.3.2- Grao mínimo de consecución e procedementos e instrumentos de avaliación dos estándares de aprendizaxe

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.	Comprende e expresa mensaxes científicas oralmente e por escrito.	Entrevistas orais na aula. Seguimento do caderno. Actividades orais e escritas na aula. Seguimento do caderno de prácticas.
BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	Utiliza os medios de comunicación e as tecnoloxías da información para seleccionar información sobre a natureza. Selecciona información adecuada dun texto.	Seguimento do caderno. Actividades orais e escritas na aula. Seguimento do caderno de prácticas. Utilización ao longo de todo o curso das diferentes plataformas educativas que se empregan no centro para o intercambio de información co alumnado.
BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes.	Comprende e expresa mensaxes científicas oralmente e por escrito.	Entrevistas orais na aula. Seguimento do caderno. Actividades orais e escritas na aula. Seguimento do caderno de prácticas.
BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	Analiza a información de xeito crítico e expresa a súa opinión utilizando argumentos de carácter científico.	Entrevistas orais na aula. Seguimento do caderno. Actividades orais e escritas na aula. Seguimento do caderno de prácticas.
BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no	Utiliza o instrumental de laboratorio seguindo as normas de	Observación do traballo no

laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.	seguridade, coida o material de prácticas, mantén a orde no laboratorio.	laboratorio.
BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.	Segue de modo correcto os protocolos das prácticas de laboratorio, emprega os instrumentos de xeito correcto e preciso, fai seguimento das prácticas e relaciona as observacións previas cos resultados obtidos trala experimentación.	Realización de prácticas, observación directa diaria do alumnado na realización de prácticas de laboratorio, seguimento da súa evolución como membro dun grupo. Seguimento do caderno de prácticas,
BXB2.1.1. Identifica as ideas principais sobre a orixe do universo.	Coñece como é e como se orixinou o Universo e os seus principais compoñentes.	Realización de probas escritas. Seguimento do caderno de clase. Realización de actividades e exercicios na aula.
BXB2.2.1. Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais.	Describe os principais astros: estrelas, planetas, satélites, asteroides e cometas. Coñece a Vía Láctea, o Sistema Solar e os seus compoñentes.	Realización de probas escritas. Seguimento do caderno de clase. Realización de actividades e exercicios na aula.
BXB2.3.1. Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.	Valora o noso planeta polas súas características únicas no Sistema Solar.	Realización de probas escritas. Realización de exercicios na aula.
BXB2.4.1. Identifica a posición da Terra no Sistema Solar.	Toma conciencia das enormes distancias do Universo e da distancia relativa da Terra aos outros astros do sistema solar.	Realización de probas escritas. Realización de exercicios na aula. Realización de esquemas e debuxos do sistema solar.
BXB2.5.1. Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida.	Coñece e explica os movementos da Terra e os eclipses e as consecuencias que estes teñen para a vida.	Realización de probas escritas. Realización de exercicios na aula. Entrevistas orais na aula.
BXB2.5.2. Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.	Coñece e explica os movementos da Terra e os eclipses e as consecuencias que estes teñen para a vida.	Realización de gráficos, fotografías e esquemas sobre fases lunares, eclipses e posición de Terra, Sol e Lúa. Realización de probas escritas.
BXB2.6.1. Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade.	Coñecer as capas que compoñen o interior do planeta Terra, a súa composición e a súa importancia.	Realización de probas escritas. Realización de exercicios na aula.
BXB2.6.2. Describe as características xerais da codia, o	Coñecer as capas que compoñen o interior do planeta Terra, a súa	Realización de probas escritas. Realización de exercicios na aula.

manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación.	composición e a súa importancia.	
BXB2.7.1. Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciarlos.	Coñecer a clasificación dos minerais e das rochas, identificando os representantes máis importantes de cada grupo.	Realización de prácticas de laboratorio. Identificación de exemplares no laboratorio e mediante fotografías. Probas de identificación de minerais e rochas no laboratorio. Observación do alumnado no laboratorio.
BXB2.7.2. Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá.	Coñecer os usos que se lles dá aos principais tipos de minerais e rochas.	Probas escritas. Realización de actividades na aula.
BXB2.7.3. Recoñece a importancia do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais.	Argumenta a favor da importancia do uso sustentable dos recursos minerais.	Probas escritas. Realización de actividades na aula.
BXB2.8.1. Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera.	Coñece a composición, a estrutura da atmosfera.	Probas escritas. Realización de actividades na aula. Realización de exercicios, esquemas e debuxos da atmosfera e as súas capas.
BXB2.8.2. Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe.	Coñece a composición do aire. Coñece o impacto da actividade humana na atmosfera, a contaminación e as medidas correctoras.	Probas escritas. Realización de actividades na aula.
BXB2.8.3. Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.	Coñece a función protectora da atmosfera para os seres vivos.	Probas escritas. Realización de actividades na aula. Seguimento do caderno do alumnado.
BXB2.9.1. Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución.	Coñece a composición do aire. Coñece o impacto da actividade humana na atmosfera, a contaminación e as medidas correctoras.	Probas escritas. Realización de actividades na aula. Seguimento do caderno do alumnado.
BXB2.10.1. Relaciona situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera.	Coñece a composición do aire. Coñece o impacto da actividade humana na atmosfera, a contaminación e as medidas correctoras.	Probas escritas. Realización de actividades na aula. Seguimento do caderno do alumnado.
BXB2.11.1. Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.	Recoñece as propiedades da auga, e a súa importancia en moitos procesos.	Probas escritas. Realización de actividades na aula. Seguimento do caderno do alumnado.
BXB2.12.1. Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.	Comprende os procesos que forman o ciclo da auga.	Análises de diagramas e esquemas sobre o ciclo da auga, os cambios de estado da auga. Realización de

		actividades e probas escritas.
BXB2.13.1. Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión.	Aprende os usos que se fan da auga. Coñece que impactos pode sufrir a hidrosfera e que medidas podemos tomar para evitalos.	Esquemas, fotografías e debuxos de procesos relacionados ca xestión da auga, a súa utilización, potabilización e depuración. Seguimento do caderno de clase. Probas escritas. Prácticas de laboratorio.
BXB2.14.1. Recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades humanas	Coñece que impactos pode sufrir a hidrosfera e que medidas podemos tomar para evitalos.	Realización de actividades. Probas escritas. Seguimento do caderno de clase.
BXB2.15.1. Describe as características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra.	Describe a orixe da vida na Terra e as características do planeta que a que fixeron posible.	Intercambios orais de información co alumnado. Realización de actividades. Seguimento do caderno de clase.
BXB3.1.1. Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.	Valora a importancia da biodiversidade e a súa conservación. Clasifica seres vivos aplicando un criterio científico.	Claves dicotómicas. Traballo no laboratorio. Identificación de fotografías e debuxos. Exemplares do mundo natural.
BXB3.2.1. Identifica e recoñece exemplares característicos de cada un destes grupos, e salienta a súa importancia biolóxica.	Valora a importancia da biodiversidade e a súa conservación. Clasifica seres vivos aplicando un criterio científico.	Recoñecemento de exemplares no laboratorio, en fotografías e debuxos. Realización de probas escritas. Realización de actividades. Seguimento do caderno do alumnado.
<ul style="list-style-type: none"> XB6.5.1. Analiza algúns dos cambios climáticos, biolóxicos e xeolóxicos que aconteceron nas diferentes era xeolóxicas, e confecciona resumos explicativos ou táboas. 	<p>Elaborar táboas e resumos explicativos que recollan a información referente aos cambios climáticos, biolóxicos e xeolóxicos acontecidos na Terra desde o arcaico ata a actualidade.</p> <p>Describir os principais eventos globais acontecidos no Arcaico.</p> <p>Describir os principais eventos globais acontecidos no Proterozoico.</p> <p>Describir os principais eventos globais acontecidos no Fanerozoico.</p> <p>Coñecer as formas de vida que caracterizan as eras Paleozoica, Mesozoica e Cenozoica.</p> <p>Entender a evolución dos primates e do xénero Homo.</p>	<p>Proba específica</p> <p>Análise de traballo individual ou de grupo</p>
<ul style="list-style-type: none"> XB6.6.1. Relaciona fenómenos naturais con cambios climáticos, e valora a influencia da actividade humana. 	<p>Asociar fenómenos naturais con cambios climáticos.</p> <p>Distinguir entre os cambios climáticos naturais e os inducidos pola actividade humana.</p>	<p>Proba específica</p> <p>Rexistro de observación na aula</p>
<ul style="list-style-type: none"> XB7.1.1. Coñece e utiliza os principais termos no estudo dos riscos naturais: risco, perigo, vulnerabilidade e custo. 	<p>Explicar os termos perigo, vulnerabilidade, exposición e custo referidas a un risco natural.</p>	<p>Proba específica</p> <p>Análise de traballo individual ou de grupo</p>
<ul style="list-style-type: none"> XB7.2.1. Coñece os principais riscos naturais e clasifícaos en función da súa orixe endóxena, exóxena ou extraterrestre. 	<p>Clasificar os principais riscos naturais en función da súa orixe endóxena, exóxena ou extraterrestre.</p>	<p>Proba específica</p>
<ul style="list-style-type: none"> XB7.3.1. Analiza casos concretos dos principais fenómenos naturais que acontecen no noso país: terremotos, erupcións volcánicas, movementos de ladeira, inundacións e dinámica litoral. 	<p>Describir os principais fenómenos naturais endóxenos que afectan o noso país (terremotos e volcáns).</p> <p>Describir os principais fenómenos naturais exóxenos que afectan o noso país (movementos de ladeira, inundacións e dinámica litoral).</p>	<p>Proba específica</p>

<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB7.4.1. Coñece os riscos máis importantes no noso país e relaciona a súa distribución con determinadas características de cada zona. 	<p>Relacionar a distribución dos riscos máis frecuentes e importantes no noso país coas características xeolóxicas de cada zona.</p>	<p>Proba específica Análise de traballo individual ou de grupo</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB7.5.1. Interpreta as cartografías de risco. 	<p>Interpretar as cartografías de risco.</p>	<p>Rexistro de observación na aula</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB7.6.1. Coñece e valora as campañas de prevención e as medidas de autoprotección. 	<p>Valorar as campañas de prevención e as medidas de autoprotección.</p>	<p>Rexistro de observación na aula</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB7.6.2. Analiza e comprende os principais fenómenos naturais acontecidos durante o curso no planeta, o país e o seu ámbito local. 	<p>Analizar os principais fenómenos naturais acontecidos durante o curso académico 2019/2020 no planeta, o país e os seu ámbito local.</p>	<p>Análise de traballo individual ou de grupo</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB8.1.1. Coñece e identifica os recursos naturais como renovables ou non renovables. 	<p>Clasificar e definir os recursos naturais como renovables e non renovables.</p>	<p>Proba específica</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB8.2.1. Identifica a procedencia dos materiais e dos obxectos que o/a rodean, e realiza unha táboa sinxela onde se indique a relación entre a materia prima e os materiais ou obxectos. 	<p>Asociar a materia prima e os materiais u obxectos que o/a rodean. Clasificar os recursos minerais e enerxéticos en función do seu interese económico a nivel mundial.</p>	<p>Proba específica Análise de traballo individual ou de grupo</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB8.3.1. Localiza información na rede de diversos tipos de depósitos, e relaciónaos con algún dos procesos xeolóxicos formadores de minerais e de rochas. 	<p>Definir o concepto de depósito mineral como recurso explotable. Coñecer os principais tipos de depósitos de interese económico a nivel mundial.</p>	<p>Proba específica Análise de traballo individual ou de grupo</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB8.4.1. Elabora táboas e gráficos sinxelos a partir de datos económicos de explotacións mineiras, estima un balance económico e interpreta a evolución dos datos. 	<p>Coñecer as etapas e as técnicas empregadas na explotación, na avaliación e na explotación sustentable dos recursos minerais e enerxéticos. Construír táboas e gráficos sinxelos a partir de datos económicos de explotacións mineiras e interpretar a evolución dos datos económicos que se manexan.</p>	<p>Análise de traballo individual ou de grupo.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB8.5.1. Compila información ou visita algunha explotación mineira concreta, e emite unha opinión crítica fundamentada nos datos obtidos e/ou nas observacións realizadas. 	<p>Visitar ou compilar información dunha explotación mineira concreta. Comprender a xestión e protección ambiental como unha cuestión inescusable dos recursos minerais e enerxéticos.</p>	<p>Análise de traballo individual ou de grupo</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ XB8.6.1. Coñece e relaciona os conceptos de augas subterráneas, nivel freático, resurxencias de auga e 	<p>Definir os conceptos relacionados coas augas subterráneas (acuíferos, nivel freático, mananciais, resurxencias).</p>	<p>Proba específica</p>

circulación da auga.	Coñecer os tipos de acuíferos e de resurxencias.	
<ul style="list-style-type: none"> XB8.7.1. Comprende e valora a influencia humana na xestión as augas subterráneas, expresando a opinión sobre os efectos desta en medio. 	<p>Valorar a xestión sustentable das augas subterráneas.</p> <p>Coñecer os problemas ambientais derivados da influencia humana (salinización dos acuíferos, subsidencia e contaminación).</p> <p>Analizar o problema da contaminación das augas subterráneas en Galicia.</p>	<p>Proba específica</p> <p>Rexistro de observación na aula</p>
<ul style="list-style-type: none"> XB9.1.1. Coñece a xeoloxía básica de España identificando os principais dominios sobre mapas físicos e xeolóxicos. 	Coñecer e identificar os principais dominios xeolóxicos de España (Península Ibérica, Baleares e Canarias): Varisco, oróxenos alpinos, grandes concas e Illas Canarias.	<p>Proba específica</p> <p>Análise de traballo individual ou de grupo</p>
<ul style="list-style-type: none"> XB9.2.1. Comprende a orixe xeolóxica da Península Ibérica, as Baleares e as Canarias, e utiliza a tecnoloxía da información para interpretar mapas e modelos gráficos que simulen a evolución da península, as illas e os mares que as rodean. 	Explicar a orixe xeolóxica da Península Ibérica, as Baleares e as Canarias, describindo os principais eventos xeolóxicos (formación do Atlántico, Cantábrico e do Mediterráneo; formación das principais cordilleiras e concas).	<p>Proba específica</p> <p>Análise de traballo individual ou de grupo</p>
<ul style="list-style-type: none"> XB9.3.1. Coñece e enumera os principais acontecementos xeolóxicos que aconteceron no planeta, que estean relacionados coa historia de Iberia, as Baleares e as Canarias. 	Enumerar os principais acontecementos xeolóxicos que aconteceron no planeta, que estean relacionados coa historia de Iberia, as Baleares e as Canarias.	<p>Proba específica</p> <p>Análise de traballo individual ou de grupo</p>
<ul style="list-style-type: none"> XB9.4.1. Integra a xeoloxía local (cidade, provincia e/ou comunidade autónoma) cos principais dominios xeolóxicos, a historia xeolóxica do planeta e a tectónica de placas. 	<p>Describir a xeoloxía de Galicia como parte de dominio Varisco.</p> <p>Integrar a xeoloxía local (cidade, provincia e/ou comunidade autónoma) cos principais dominios xeolóxicos, a historia xeolóxica do planeta e a tectónica de placas.</p>	<p>Proba específica</p> <p>Análise de traballo individual ou de grupo</p>
<ul style="list-style-type: none"> XB10.1.1. Utiliza o material de campo (martelo, caderno, lupa e compás). 	<p>Manexar o material de campo (martelo, caderno, lupa e compás).</p> <p>Coñecer a metodoloxía e o traballo de campo: estudos previos de consulta de mapas/fotografías, itinerario, avaliación dos elementos singulares de patrimonio xeolóxico do lugar,...).</p> <p>Cumprir as normas de seguridade e autoprotección no campo.</p>	Análise do informe da práctica de campo

<ul style="list-style-type: none"> XB10.2.1. Le mapas xeolóxicos sinxelos, fotografías aéreas e imaxes de satélite, que contrasta coas observacións no campo. 	Interpretar mapas xeolóxicos sinxelos dunha comarca ou rexión, fotografías aéreas e imaxes de satélite contrastándoas coas observacións no campo.	Análise do informe da práctica de campo
<ul style="list-style-type: none"> XB10.3.1. Coñece e describe os principais elementos xeolóxicos do itinerario. 	Recoñecer os principais elementos xeolóxicos do itinerario.	Análise do informe da práctica de campo
<ul style="list-style-type: none"> XB10.3.2. Observa e describe afloramentos da zona. 	Identificar afloramentos da zona.	Análise do informe da práctica de campo
<ul style="list-style-type: none"> XB10.3.3. Recoñece e clasifica mostras de rochas, minerais e fósiles da zona. 	Recoñecer e clasificar mostras de rochas, minerais e fósiles da zona.	Análise do informe da práctica de campo
<ul style="list-style-type: none"> XB10.4.1. Utiliza as principais técnicas de representación de datos xeolóxicos (columnas estratigráficas, cortes xeolóxicos sinxelos e mapas xeotemáticos). 	Utilizar as principais técnicas de representación de datos xeolóxicos (columnas estratigráficas, cortes xeolóxicos sinxelos e mapas xeotemáticos).	Análise do informe da práctica de campo
<ul style="list-style-type: none"> XB10.5.1. Reconstrúe a historia xeolóxica da rexión e identifica os procesos activos. 	Reconstruír a historia xeolóxica da rexión e identificar os procesos activos.	Análise do informe da práctica de campo
<ul style="list-style-type: none"> XB10.6.1. Coñece e analiza os seus principais recursos e riscos xeolóxicos. 	Describir os seus principais recursos e riscos xeolóxicos.	Análise do informe da práctica de campo
<ul style="list-style-type: none"> XB10.7.1. Comprende a necesidade de apreciar, valorar, respectar e protexer os elementos do patrimonio xeolóxico. 	Valorar, respectar e protexer os elementos do patrimonio xeolóxico.	Análise do informe da práctica de campo

10.6.3- Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Instrumento de avaliación	Ponderación	Aclaracións
Probas escritas	90%	Probas escritas sobre os contidos tratados durante as avaliacións. Poderán incluír cuestións sobre os traballos obrigatorios.
Traballos obrigatorios.	10%	Avaliaranse os contidos, a presentación escrita e a exposición oral.

Faltas de ortografía: descontaranse da nota de cada proba escrita 0,05 puntos por cada falta de ortografía ata un máximo de 2 puntos. En cada traballo escrito descontaranse 0,1 puntos por cada falta de ortografía ata un máximo de 2 puntos.

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN: Considerarase aprobada unha avaliación cando a nota acadase un 5 sobre 10. Precisarase unha nota de polo menos 3,5 puntos nunha proba escrita para facer media das demais probas da avaliación.

CUALIFICACIÓN FINAL: para obter o aprobado na convocatoria ordinaria é preciso ter aprobadas todas as avaliacións do curso. Se o alumno/a ten unha avaliación suspensa deberá facer unha proba de recuperación de dita avaliación a final de curso. No caso de ter dúas ou tres avaliacións suspensas a proba de recuperación será de todo o curso. A puntuación desta proba de recuperación final terá que ser igual ou superior a 5 para aprobar a materia.

En caso de confinamento os criterios de cualificación serán os seguintes:

100% proba escrita traballos obrigatorios.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

O alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria terá que facer unha proba escrita na convocatoria extraordinaria. Nesta proba deberá acadar unha puntuación igual ou superior a 5 para superar a materia. Descontaranse da nota de cada proba escrita 0,05 puntos por cada falta de ortografía ata un máximo de 2 puntos.

11 Plan de seguimento e procedementos para a avaliación e criterios de cualificación de materias pendentes no bacharelato

Ao comezo do curso (inicios do mes de outubro), aquel alumnado que presente a materia de Bioloxía e Xeoloxía 1º BAC pendente, serán informados polo xefe do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía dos contidos dos que deben avaliarse e do procedemento que deben seguir para a superación desta materia, recibindo as orientacións oportunas co fin de axudalos a superar a materia a recuperar.

O alumnado ca materia pendente deberá realizar probas escritas da materia correspondente ao curso. No caso da materia pendente as probas escritas suporán o 100% da nota. O calendario de probas será facilitado ao alumnado a principio do curso.

As probas considéranse aprobadas se obtén unha nota igual ou superior a 5. Farán media cunha nota igual ou superior a 3,5. De non acadar o aprobado, o alumnado terá unha última oportunidade de superar a materia nunha proba final de mínimos programada para o mes de maio na que se aplicarán o mesmos criterios de cualificación das probas anteriores.

No mes de setembro terá lugar unha proba global extraordinaria para aqueles alumnos/as con cualificación negativa en xuño.

12 Avaliación inicial no bacharelato

A fin de determinar o punto de partida da formación inicial dos alumnos/as, realizarase unha inicial avaliación prestando especial atención o nivel de adquisición dos estándares de aprendizaxe avaliáveis de cada materia do curso anterior.

Este Departamento ten deseñada unha avaliación inicial para cada materia e nivel, na que se miden:

Conceptos teóricos adquiridos en cursos anteriores

Comprensión lectora

Expresión escrita

Interpretación de gráficos, debuxos e esquemas

Cálculos matemáticos

Resolución de problemas

Unha vez valorada esta avaliación, adoptaranse medidas individuais tales como boletíns de actividades de repaso e reforzo, materiais curriculares adaptados ás necesidades específicas do alumnado e medidas colectivas, nas que durante unhas sesións trabállanse contidos básicos para poder abordar a programación prevista do curso correspondente.

13 STEM

O departamento de Bioloxía-Xeoloxía segue a formar parte do Bacharelato de Excelencia en Ciencia e Tecnoloxía (STEMbach).

STEM 1º Bacharelato

Na data da elaboración desta programación didáctica están aínda por determinar cantos grupos de traballo se formarán e que proxectos se escollerán a partir da oferta que realizan as distintas facultades.

STEM 2º Bacharelato

Continuarase cos proxectos iniciados no curso anterior.

Este curso terán que modificarse protocolos de actuación e mesmo modificar partes do traballo debido á situación sanitaria. Moitas prácticas de laboratorio non se poderán realizar xa que non están permitidas as visitas ás facultades nin ao Instituto oceanográfico. Pode que se teñan que modificar os obxectivos dos proxectos con todo o incremento de traballo e esforzo que significa para alumnado e profesorado.

O alumnado de 2º de Bacharelato redactará as memorias dos o proxectos e as presentarán ante os profesores do centro participantes para posteriormente presentalo aos profesores titores da Universidade de Vigo, sempre que as condición especiais do curso o permitan.

14 Contribución ás TICs

Para o fomento das TIC, de acordo coas directrices propostas polo coordinador/a das TIC do centro, proporanse actividades nas que o alumnado deberá empregar ferramentas deste tipo, como a busca de información na Internet, tratamento desta información, presentación de traballos empregando diversos programas informáticos etc.

O/a docente deixará o seu papel de transmisor de información para adquirir outros como o de deseñador de situacións de aprendizaxe, titorización a estudantes e produtor de medios. No caso dos estudantes, necesitarán estar máis capacitados para a autoaprendizaxe mediante a toma de decisións e o diagnóstico das súas necesidades, a busca significativa do coñecemento, ao mesmo tempo que deberán estar menos preocupados pola repetición formal e memorística dos contidos.

A utilización das TIC por parte do alumnado levarase a cabo mediante a realización de diversas actividades que contribuirán a desenvolver a súa competencia dixital:

- Uso do procesador de textos. [* .doc ou .odt]
- Presentación de traballos con un presentación de diapositivas. (.ppt ou .odp)
- Busca de información.
- Realización de actividades con software educativos (Jclíc e Hot Potatoes) e software específico da propia materia.
- Realización de actividades, cuestionarios e exames de diferentes Unidades didácticas en Moodle.
- Realización de wikis, blogs e explotar o potencial das redes sociais que están tan presentes na nosa comunidade educativa.
- Outras actividades que poidan xurdir durante o curso académico.

Na area de Ciencias da Natureza son moitos os temas que poden desenvolverse dunha maneira máis próxima ao alumno utilizando o formato de páxinas Web como material escolar. A utilización de páxinas web ten a vantaxe de que tanto se pode distribuír dende internet ou intranet, como desde un CD-Rom, sendo posible o seu uso en centros con aulas conectadas a Internet ou en centros onde non exista un número suficiente de ordenadores conectados á rede, ou incluso nunha aula tradicional, proxectado a gran formato mediante canón de vídeo conectado a un ordenador portátil.

A utilización do canón de luz na aula permite integrar animacións, presentacións, consultas on-line en tempo real, utilización de programas e aplicacións (simuladores como Celestia, Stellarium, Google earth, Win World, Pl@ntNet, Arbolapp, etc...) coas explicacións convencionais dos contidos impartidos, facilitando unha sinerxia entre ámbolos dous tipos de procedementos.

O tratamento das TIC polo departamento consistirá en:

- Uso do canón de luz e portátiles nas aulas.
- Realización de presentacións en Power Point por parte do alumnado.
- Uso da aula virtual da páxina web do instituto naquelas materias nas que o profesorado poña materiais de traballo na mesma.

Este curso académico vaise caracterizar por un emprego maior das Tic's no caso de ensino non presencial, dependendo das posibilidades do alumnado. As aulas de informática non poderán ser empregadas polas materias do departamento por motivos de seguridade e organización do centro.

15 Contribución ao plan de convivencia

Esta materia contribúe ao plan de convivencia do seguinte xeito :

- Facendo respectar o decálogo de convivencia durante o desenvolvemento das clases.
- Fomentando o traballo en equipo con reparto equitativo de tarefas.
- Fomentando os debates na clase facendo fincapé no respecto ás quendas de palabra e no uso respectuoso da linguaxe.
- Colaborando nas actividades que propoña o equipo de convivencia.
- Fomentando a resolución de conflitos facendo uso do servizo de mediación presente no centro.
- Favorecendo un clima de respecto e entendemento que son os piares dunha boa convivencia.

16 Plan lector

O departamento de Bioloxía e xeoloxía contribuirá ao fomento da lectura participando, de organizarse o plan lector, nas actividades propostas pola biblioteca ao longo do curso. Así mesmo, proporanse lecturas de artigos científicos, noticias de prensa e libros de divulgación científica ou outros acordos co curso para cada un dos niveis impartidos por este departamento.

Un dos obxectivos do ensino da bioloxía e xeoloxía é o de comprender e expresar mensaxes con contido científico utilizando diferentes linguaxes como oral, escrita, gráfica etc., con propiedade. Por isto é fundamental que as alumnos e alumnas desenvolvan as destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos e desenvolver a capacidade para aprender a aprender.

Para que os alumnos e alumnas adquiran unhas estratexias de comprensión lectora, realizaranse actividades que traballen competencias de comprensión e comunicación. Estas actividades consistirán fundamentalmente na lectura de textos e a resolución de cuestións sobre os mesmos que impliquen a realización de operacións mentais propias de comprensión, tales como:

- a) Identificar as ideas principais expresadas no texto.
- b) Relacionar as ideas presentes no texto entre si mediante inferencias.
- c) Integrar as ideas do texto coas súas propias ideas.
- d) Aplicar esas ideas a novos contextos.

Utilizaranse textos cuxo contido estea relacionado con temas que se estean a desenvolver e adecuados ao nivel do alumnado. Os propios libros de texto conteñen una sección adicada á lectura con textos axeitados. Outros textos serán extraídos de obras de divulgación científica e de libros relacionados con temas científicos. Empregaranse tamén artigos de xornais ou de revistas científicas que, sempre que sexa preciso, serán modificados e adaptados ao nivel do curso.

Os alumnos realizarán tamén buscas en internet sobre algúns dos contidos do currículo.

Fomentarase a comprensión lectora en todo momento e tamén, na ESO, na hora de lectura, podendo traballar con textos seleccionados previamente pola profesora.

17 Dinamización da lingua galega

O departamento de Bioloxía e xeoloxía colaborará en diferentes actividades e proxectos co Equipo de dinamización da lingua galega ao longo do curso escolar. A lingua designa e describe a nosa realidade e a contorna e este departamento colabora coa dinamización da lingua galega ao impartir as materias en galego.

18 Metodoloxía didáctica no bacharelato

A metodoloxía adecuada para desenvolver a bioloxía e xeoloxía no bacharelato será aquela que potencie a capacidade do alumnado para a autoaprendizaxe, traballar en equipo, aplicar métodos adecuados de investigación e para que poida establecer a conexión entre os coñecementos teóricos e a súas aplicacións prácticas.

Para desenvolver estas capacidades será preciso:

- Crear na aula un clima que favoreza as aprendizaxes significativas, que desenvolva o interese pola materia e os seus estudos posteriores, que permita a comunicación e intercambio de saberes e experiencias na aula.
- Ter en conta as ideas previas do alumnado para o deseño e a secuencia de actividades. Facilitar a construción de aprendizaxes cooperativas que propicien o cambio conceptual, metodolóxico e actitudinal.
- Dotar ao alumnado de ferramentas que lle permitan iniciarse nos métodos de investigación mediante a preparación de actividades nas que un dos obxectivos sexa o desenvolvemento de procedementos.
- Propoñer actividades que poñan de manifesto a correlación entre os fenómenos estudados na aula e os da vida cotiá, mediante análise de situacións concretas, comentarios de novas de actualidade ou realizando saídas didácticas (a laboratorios, fábricas, itinerarios xeolóxicos, etc.) combinadas con informes ou traballos específicos.
- Abrirse aos problemas da entorna inmediata, para, a partir dela, transcender a outros ámbitos.
- Considerar do medio ambiente e da saúde dende o enfoque globalizador que estes presentan.
- Planificalos procesos a partir da motivación, tendo en conta que incorporan mellor os coñecementos que lles son precisos para o seu desenvolvemento funcional, e partir das experiencias previas da bagaxe cultural dos alumnos e alumnas son aspecto primordiais para acadala consistencia das aprendizaxes e a súa significatividade.
- Facer fincapé na aprendizaxe sobre os procesos e non sobre os feitos ou aspectos illados.
- Tomar investigación e a experimentación coma base.
- Traballar en equipo.

E para todo isto apoiarémonos na:

- Utilización de material gráfico (prensa, revistas, libros, etc.) e audiovisual dos diferentes temas da programación.
- Utilización das TIC para a aprendizaxe dos diferentes temas.
- Utilización de técnicas experimentais e de análise no laboratorio.
- Resolución de problemas e cuestións prácticas, así como todo tipo de exercicios.
- Utilización e realización de gráficos, táboas e esquemas.
- Elaboración de traballos individuais e en grupo sobre diferentes temas.
- Proposta de lecturas relacionadas cos diferentes temas da programación, que se incluírán no Plan Lector do Centro.

19 Contidos transversais

Os elementos transversais serán traballados ó longo de todo o curso, a medida que se van desenvolvendo os distintos estándares de aprendizaxe. A codificación dos elementos transversais é a seguinte:

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e da comunicación
ECC	Educación cívica e constitucional
IEM	Igualdade efectiva entre mulleres e homes
H PV	Prevenición da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade
ESV	Educación e seguridade viaria
EE	Espírito emprendedor

20 Materiais e recursos didácticos

O departamento dispón de materiais que serán utilizados ao longo do curso, como:

- Presentacións en formato PwP e PDF
- Mapas, vídeos, diapositivas e CDs

- Libros de lectura
- Ordenadores portátiles
- E todo do que dispón un laboratorio de ciencias dun centro educativo (material de vidro, modelos anatómicos, coleccións de minerais, rochas e fósiles, lupas e microscopios, preparacións microscópicas, etc).

21 Actividades extraescolares

Este curso non hai previstas actividades extraescolares debido á situación sanitaria.

22 Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

O departamento de Bioloxía e xeoloxía fará un seguimento da programación ao longo do curso. Empregará a seguinte ferramenta para a análise da programación:

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	ESCALA			
	Insuficiente	Básico	Competente	Excelente
INDICADORES DE LOGRO				
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas?				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
9.- Aplícase a metodoloxía didáctica acordada a nivel de organización, recursos didácticos, agrupamento do alumnado, etc.?				

10.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
11.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
12.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
13.- Fixouse para o bacharelato un procedemento de acreditación de coñecementos previos?				
14.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, etc.?				
15.- Establecéronse criterios para a recuperación dunha avaliación?				
16.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
17.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
18.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
19.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
20.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
21.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
22.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso?				
23.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

23 Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Debe considerarse a avaliación docente como un proceso formativo que fortalecerá o labor docente e permitirá ao profesor/a mellorar as aprendizaxes dos alumnos/as.

Cada profesor/a reflexionará sobre a súa práctica docente para detectar onde se localizan as maiores dificultades e como consecuencia introducir as medidas pertinentes. Favorecerase no departamento a avaliación, con opinións valorativas, da nosa práctica docente realizando unha análise en relación aos seguintes aspectos:

- Estratexias de planificación do traballo de aula e laboratorio.
- Uso dos recursos didácticos e selección de materiais.

- Emprego de diversos materiais (audiovisuais, informáticos, impresos) para apoiar contidos na aula.
- Estratexias para incentivar o traballo autónomo e en grupo do alumnado.
- Uso dos resultados das probas realizadas aos alumnos/as, para identificar problemas de aprendizaxe.
- Análise dos resultados das probas realizadas aos alumnos/as, para identificar necesidades do alumnado (de apoio ou de afondamento) e para informar a través do profesor/a-titor/a á familia.
- Fomento da participación activa do alumnado.
- Relación dos estándares de aprendizaxe con aplicacións reais ou coa súa finalidade.
- Fomento da reflexión dos contidos tratados.

24 Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato

En relación coa lexislación vixente, Resolución do 15 de xullo de 2016 (DOG nº144 de 2016/8/1), da Dirección Xeral de Educación sobre a elección en segundo curso do bacharelato de materias condicionadas á superación das correspondentes materias do primeiro curso. O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía para aqueles alumnos/as que non cursaron Bioloxía e Xeoloxía en 1º Bacharelato e decidan cursar Bioloxía ou Xeoloxía en 2º Bacharelato, ten prevista a realización dunha proba, días previos ó inicio do curso académico, para acreditar os contidos/graos mínimos esixibles necesarios para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso.

No caso de cursar simultaneamente materias de primeiro e segundo curso, a materia de 1º Bacharelato será tratada de forma análoga ás pendentes, e o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía deseñará un plan de traballo e as probas parciais para verificar a superación da materia.

25 Metodoloxía de traballo no ensino non presencial

Liñas xerais

No presente apartado descríbense as liñas xerais do ensino non presencial. Cada materia matizará os aspectos que se crean convenientes para unha mellor adecuación ao curso correspondente (criterios de avaliación, contidos, heteroxeneidade do alumnado etc.). Estas variacións recolleranse nos apartados correspondentes a cada materia e curso.

Estas indicacións quedan supeditadas ás circunstancias que concorran non momento do confinamento (posibilidades de conexión do alumnado e profesorado, condicións sanitarias etc.), que poden modificar aspectos coma a metodoloxía e avaliación etc.

ENSINO A DISTANCIA TELEMÁTICO NA ESO:

▪ Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Observación do traballo do alumnado (tarefas). Valoración de aspectos como a presentación en prazo do traballo, corrección e rigor do mesmo e creatividade.</p> <p>Poderanse realizar probas escritas pola aula virtual ou mesmo orais a través da plataforma Webex.</p> <p>A valoración e puntuación das tarefas e traballos seguirán as mesmas normas que a modalidade presencial (entrega en prazo, presentación, ortografía etc.).</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Caderno da materia, apuntamentos, documentos procesador de textos, documentos en pdf, vídeos elaborados polo alumnado, correo electrónico, aula virtual, rúbrica das probas orais, probas escritas nos formatos anteriormente descritos.</p> <p>En caso de necesidade segundo a situación poderán incorporarse novos instrumentos á avaliación, facendo a oportuna modificación da programación.</p>
Cualificación final	<p>Farase a media das tres avaliacións ao final do curso conforme ao establecido no apartado de avaliación para a modalidade presencial. A cualificación do período non presencial realizarase conforme ao establecido no apartado de cada materia.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Dependerá das condicións de seguridade que se dean no mes de setembro. Se pode ser presencial, mediante proba escrita. Se debe ser telemática, mediante unha proba empregando a Aula virtual ou plataforma Webex.</p> <p>Criterios de avaliación:</p> <p>Serán os mesmos criterios establecidos para o ensino non telemático.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>O alumnado con materias pendentes terá que facer as mesmas tarefas e probas que a modalidade presencial. Variarán os procedementos de avaliación que serán telemáticos, coma os descritos no apartado anterior de <i>Avaliación</i>, ou presenciais, se as condicións sanitarias o permiten.</p>

	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Farase media das tres avaliacións.</p> <p>Farase en xuño unha recuperación das avaliacións suspensas.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Os procedementos de avaliación serán telemáticos, coma os descritos no apartado anterior de <i>avaliación</i>, ou presenciais, se as condicións sanitarias o permiten.</p>

Metodoloxía e actividades	
Actividades	<p>Exercicios, traballos e prácticas a través da Aula virtual e correo electrónico ou plataforma Webex.</p> <p>Traballos de recuperación.</p>
Metodoloxía	<p>Entrega de tarefas e apuntamentos a través do correo electrónico ou aula virtual. As explicacións teóricas o seguimento das dúbidas farase a través do contacto diario. Poderase empregar para isto o correo electrónico, aula virtual ou plataforma Webex. Revisión e corrección de tarefas entregadas e comunicación desas correccións ao alumnado mediante o método antes citado. A metodoloxía pode incorporar novos recursos que xurdan durante o período non presencial.</p>
Materiais e recursos	<p>Presentacións de contidos en formato PwP, textos en word, pdf e vídeos. Enlaces a vídeos divulgativos en plataformas de internet. Aula virtual e correo electrónico. Plataforma Webex. Poderanse empregar máis recursos e materiais que xurdan durante o período de confinamento.</p>

Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Observación do traballo do alumnado (tarefas). Valoración de aspectos como a presentación en prazo do traballo, corrección e rigor do mesmo e creatividade.</p> <p>Poderanse realizar probas escritas pola aula virtual ou mesmo orais a través da plataforma Webex.</p> <p>A valoración e puntuación das tarefas e traballos seguirán as mesmas normas que a modalidade presencial (entrega en prazo, presentación, ortografía etc.).</p>

	<p>Instrumentos:</p> <p>Caderno da materia, apuntamentos, documentos procesador de textos, documentos en pdf, vídeos elaborados polo alumnado, correo electrónico, aula virtual, rúbrica das probas orais, probas escritas nos formatos anteriormente descritos.</p> <p>En caso de necesidade segundo a situación poderán incorporarse novos instrumentos á avaliación, facendo a oportuna modificación da programación.</p>
Cualificación final	<p>Farase a media das tres avaliacións ao final do curso conforme ao establecido no apartado de avaliación para a modalidade presencial. A cualificación do período non presencial realizarase conforme ao establecido no apartado de cada materia.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Dependerá das condicións de seguridade que se dean no mes de setembro. Se pode ser presencial, mediante proba escrita. Se debe ser telemática, mediante unha proba empregando a Aula virtual ou plataforma Webex.</p> <p>Criterios de avaliación:</p> <p>Serán os mesmos criterios establecidos para o ensino non telemático.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>O alumnado con materias pendentes terá que facer as mesmas tarefas e probas que a modalidade presencial.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Os criterios de cualificación serán os mesmos ca na modalidade presencial.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Os procedementos de avaliación serán telemáticos, coma os descritos no apartado anterior de <i>avaliación</i>.</p>

Metodoloxía e actividades	
Actividades	<p>Exercicios, traballos e prácticas a través da Aula virtual e correo electrónico.</p> <p>Traballos de recuperación.</p>
Metodoloxía	<p>Entrega de tarefas e apuntamentos a través do correo electrónico ou aula virtual. As explicacións teóricas o seguimento das dúbidas farase</p>

	a través do contacto diario. Poderase empregar para isto o correo electrónico, aula virtual ou plataforma Webex. Revisión e corrección de tarefas entregadas e comunicación desas correccións ao alumnado mediante o método antes citado.
Materiais e recursos	Presentacións de contidos en formato PwP, textos en word, pdf e vídeos. Enlaces a vídeos divulgativos en plataformas de internet. Aula virtual e correo electrónico. Plataforma Webex.

ENSINO A DISTANCIA NON TELEMÁTICO

Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Observación do traballo do alumnado (tarefas). Valoración de aspectos como a presentación en prazo do traballo, corrección e rigor do mesmo e creatividade.</p> <p>A valoración e puntuación das tarefas e traballos seguirán as mesmas normas que a modalidade presencial (entrega en prazo, presentación, ortografía etc.) tendo en conta o método do que disporá o alumnado á hora de facer chegar esas tarefas ao profesorado.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Caderno da materia, apuntamentos, documentos en procesador de textos, documentos en pdf.</p> <p>En caso de necesidade segundo a situación poderán incorporarse novos instrumentos á avaliación, facendo a oportuna modificación da programación.</p>
Cualificación final	Farase a media das tres avaliacións ao final do curso conforme ao establecido no apartado de avaliación para a modalidade presencial.
Proba extraordinaria de setembro	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Dependerá das condicións de seguridade que se dean no mes de setembro. Se pode ser presencial, mediante proba escrita.</p> <p>No caso de que o alumnado non dispoña de medios telemáticos para unha avaliación a distancia e teñan que estar confinados por motivos de seguridade sanitaria este departamento non ten prevista ningunha solución, quedando a expensas das instrucións da Consellería de Cultura, educación e universidade.</p>

	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Serán os mesmos criterios establecidos para o ensino non telemático.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>O alumnado con materias pendentes terá que facer as mesmas tarefas e probas ca na modalidade presencial.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Os criterios de cualificación serán os mesmos ca na modalidade presencial.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Observación do traballo do alumnado (tarefas). Valoración de aspectos como a presentación en prazo do traballo, corrección e rigor do mesmo e creatividade.</p> <p>A valoración e puntuación das tarefas e traballos seguirán as mesmas normas que a modalidade presencial (entrega en prazo, presentación, ortografía etc.) tendo en conta o método do que disporá o alumnado á hora de facer chegar esas tarefas ao profesorado.</p> <p>Dependendo das condicións de seguridade que se dean no mes de xuño a proba escrita pode ser presencial.</p>

Metodoloxía e actividades	
Actividades	<p>Exercicios, traballos e prácticas en papel.</p> <p>Traballos de recuperación.</p>
Metodoloxía	<p>Entrega de tarefas e apuntamentos a través do método do que disporá o alumnado á hora de facer chegar esas tarefas ao profesorado. Revisión e corrección de tarefas entregadas e comunicación desas correccións ao alumnado mediante o método antes citado.</p>
Materiais e recursos	<p>Presentacións de contidos en formato físico (fotocopias, libros de texto etc.). Poderán incorporarse novos materiais e recursos en función daqueles de que dispoña o alumnado en cada momento.</p>

26 Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial

A avaliación inicial terase en conta coma en anos anteriores para establecer os coñecementos previos do alumnado e o punto de partida do proceso de ensino e aprendizaxe. Este ano teranse en conta para dita avaliación os contidos non impartidos no curso pasado.

27 Propostas de mellora do departamento

Como xa se indicou na programación do curso pasado, os defectos existentes consisten principalmente en que nalgunhas materias non se chegan a abordar todos os contidos da programación. Débese a que o currículo oficial resulta demasiado amplo. Trátase, sobre todo, da Bioloxía e xeoloxía de 3º e 4º ESO.

O problema é grave en 3º ESO e imposible de solucionar, pois en dúas horas á semana non se pode tratar con seriedade a anatomía e fisioloxía do corpo humano e varios temas de xeoloxía. Pénsese que, ademais de desenvolver os contidos, teoricamente deben facerse actividades para a comprensión deles, prácticas de laboratorio, exames, exercicios... Non se pode comprimir todo na carga lectiva insuficiente da materia (a descontar sesións que se perden por diferentes motivos: os días que se realizan as probas escritas, días non lectivos, saídas dos alumnos a actividades doutras materias...).

Os membros do departamento de Bioloxía e xeoloxía asinan o presente proxecto curricular.

Pablo Blanco Lobato

Rubén Borrajo Santos

Cristina Romero Lage

Irene Otero López

En Vigo, a 16 de setembro de 2021